



Ordenanza para instalación de terrazas

boiro

Departamento de urbanismo





CONCELLO DE BOIRO

ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA



EXCMO. CONCELLO DE BOIRO

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

DEFINICIÓ/ DESCRICIÓ SERVIZO

- 1.- A utilización do espazo público viario debe realizarse de forma ordenada, con garantías de mínima conxestión, boa accesibilidade e correcta circulación para os peóns así como respecto polos dereitos e bens tanto dos usuarios como das persoas e actividades afectadas.
- 2.- Enténdese como terraza ó conxunto de mesas, cadeiras, bancos, xardineiras e outras instalacións provisionais, neste caso móbiles, que sirvan de complemento temporal a unha actividade legalizada no ramo da hostalería.

Artigo 1.- Obxecto

- 3.- A Ordenanza pretende regular a instalación de terrazas de temporada destinadas á actividade de hostalería na vía pública ou en espazos privados de uso público. Busca entón regular a distribución dos espazos peonís, e adecuar a estética das instalacións ó entorno da súa ubicación, pretendendo dotar de atractivo singular o espazo urbano do casco de Boiro, mellorando a calidade e relación social na cidade.
- 4.- A ordenanza establece o obxecto, ámbito, réxime técnico e xurídico da instalación de terrazas sobre espazo de uso público así como de instalacións complementarias, tais como parasoles, toldos, proteccións laterais, alumbeado, maceteiros, e outras instalacións temporais no exterior do establecemento principal de bar, cafetería, restaurante, café-bar, taberna, chocolatería, xadería, quioscos de tempada ou permanentes así como outros establecementos similares da rama hostaleira.
- 5.- As terrazas só poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependan.
- 6.- Exclúense da aplicación desta ordenanza os actos de ocupación de vía pública de actividades de hostalería que se realicen con ocasión de feiras, festas, actividades deportivas e similares, que terán un réxime diferente de duración e de taxas.



CONCELLO DE BOIRO

Artigo 2.- Licenzas

1.- A instalación de terrazas ou calquera tipo de ocupación en vía pública requirirá o outorgamento de licenza municipal previa e, no caso das terrazas, o outorgamento será de carácter anual para todo o municipio de Boiro.

Do mesmo xeito, tamén estarán suxeitos ó cumprimento desta Ordenanza Municipal os establecementos, si houbese, que xa tiveran a autorización pertinente, antes da entrada en vigor da presente Ordenanza. Para elo, o concello requirirá aos titulares de ditas actividades para que se axusten ás condicións que se sinalan nesta Ordenanza, nos termos da súa Disposición Transitoria.

2.- A competencia para o outorgamento das licencias corresponde á Xunta de Goberno Local e en base ós informes técnicos pertinentes.

3.- Para obter a autorización o solicitante deberá atoparse ó corrente no pago de todas as súas obrigas tributarias ou de outro tipo co concello de Boiro.

4.- A instalación de terrazas establécese:

- a. Para todo o ano completo
- b. Para o período estival (1 de maio e o 30 de setembro)
- c. Para 15 días no entorno da Semana Santa.

Consideracións a ter en conta:

1.- As instalacións fora do período estival e Semana Santa non poderán ocupar prazas de aparcamentos públicos.

2.- As solicitudes faranse cada ano, debendo acompañar xustificante do pago integro correspondente ó período solicitado.

5.- As licenzas concederanse sen perxucio de terceiros y serán esencialmente revocables por razóns de interese público.

6.- No procedemento de concesión de licenzas poderá darse trámite de audiencia a aquelas persoas ou Comunidades de Propietarios que sexan lindeiras á instalación. A súa alegación en ningún caso terá carácter vinculante para o concello.

7.- A terraza en ningún caso creará un problema de accesibilidade nin entorpecerá actividades, entradas ou saídas dos colindantes.

Artigo 3. Órgano que outorga permisos

1.- Poderán solicitar a autorización os titulares de establecementos de hostalería, sempre que a actividade se desenrole de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que regulen a mesma.

2.- A efectos do disposto no apartado anterior, terase en consideración a titularidade e a actividade que conste na licenza de apertura ou equivalente.



CONCELLO DE BOIRO

3.- A solicitude de instalación de terraza farase a través do Rexistro Xeral do Concello de Boiro, cada ano e a partires do 1 de novembro, sendo requisito indispensable para dita instalación a oportuna autorización pola **Xunta de Goberno Local**, non sendo válida a tal efecto a carta de pago.

4.- Xunto coa resolución de concesión da autorización, entregarase un cartón selado e rubricado no que se sinalará o número de autorización que corresponda, as mesas autorizadas, o horario de peche e as condicións particulares a que estivera suxeita a autorización. Este documento colocarase adecuadamente protexido e en lugar que poida ser visto polos clientes e os servizos de inspección.

Artigo 4.- Solicitudes

1.- As solicitudes para a primeira licenza ou cambio de titularidade presentaranse acompañadas da seguinte **Documentación:**

- Impreso de solicitude.
- Fotocopia do DNI ou CIF do solicitante.
- Autorizacións de colindantes e titulares de establecementos ou vivendas os que poida afectar a instalación de conformidade coas bases da convocatoria.
- Si a solicitude a formula un representante legal, deberá acreditar tal representación mediante declaración escrita do interesado, aportándose neste caso copia do DNI do representado.
- Copia de licenza de apertura do establecemento principal.
- Plano de planta da instalación no que se indique lonxitude de fachada do establecemento, ancho da beirarrúa, localización da terraza, mesas, cadeiras e resto de elementos, así como aqueles datos que xustifiquen o cumprimento das condicións sinaladas na convocatoria
- Croquis dos alzados das mamparas, toldos, tarimas e cuantos elementos precisen esta descrición.
- Detalle das calidades dos materiais a empregar nas instalacións.
- Copia da póliza de responsabilidade civil que poida cubrir posibles danos á vía pública, mobiliario ou viandantes derivados da actividade.



CONCELLO DE BOIRO

2.- **As solicitudes de renovación:** Inda que se deban solicitar en forma e prazo, o Concello poderá establecer e establecerá anualmente a renovación das autorizacións, mediante o pago da taxa correspondente, para os supostos en que non varíen os requisitos e circunstancias tidas en conta para a autorización do ano anterior. Si houberse cambios na superficie debe presentarse croquis coa nova situación e novas circunstancias no número de mesas, cadeiras, etc.

3.- Coa solicitude de instalación aboarase a taxa correspondente, e que cubrirá a totalidade do período solicitado. Si a solicitude se pide fora de prazo, a taxa a aboar será pola totalidade de meses que resten do período solicitado.

Artigo 5.- Prazo de presentación

1.- Anualmente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo de que se faga por outras canles, o prazo de presentación de solicitudes e, no seu caso, de renovación da autorización, quedarán establecidos dende o 1 de novembro ata o 15 de decembro do ano que remata, correspondéndolle á Xunta de Goberno Local calquera outro acordo.

2.- Non obstante, poderán presentarse solicitudes transcorrido o prazo establecido cando se trate de cambios de titularidade ou establecementos con licenza de apertura posterior.

Artigo 6.- Modificacións

No suposto de que se acordara a renovación, os interesados en modificar o autorizado no ano anterior deberán solicitalo expresamente, no prazo establecido, acompañando plano-croquis da nova ocupación ou calquera outra nova circunstancia pretendida.

Observacións.- No suposto de que haxa cambio de titularidade con respecto ó ano anterior, o novo titular acompañará á solicitude de renovación o acordo de nova titularidade concedido pola Xunta de Goberno Local. Si o cambio se producise en tempada e con licenza en vigor, o novo titular continuará coa autorización sempre que comunique a nova circunstancia e inicie o trámite de cambio de titularidade.

Artigo 7.- Vixencia

1.- As autorizacións terán vixencia para o ano natural. En todo caso, a instalación da terraza non poderá realizarse ata que non se obteña o documento individual de autorización.

2.- Cando xurdiran circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización: de implantación, supresión ou modificación de servizos, de celebración de actos públicos ou privados, poderase revocar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida, sen dereito a indemnización a favor do interesado. En todo o caso, esta circunstancia comunicarase ós interesados cunha antelación mínima de 15 días.



CONCELLO DE BOIRO

Artigo 8.- Silencio administrativo

As solicitudes non resoltas expresamente no prazo de dous meses, a contar desde la presentación, entenderanse denegadas.

As solicitudes resoltas dentro da tempada considerada estival ó efecto, cotizarán dende a data da súa concesión ata a data límite para as instalacións(15 de setembro).

CAPÍTULO II. RÉXIME XURÍDICO

Artigo 9.- Actividade

A autorización para a instalación da terraza dará dereito a exercer a actividade nos mesmos termos que establece a correspondente licenza de apertura do establecemento.

Artigo 10.- Horario

1.- Para as terrazas fíxase o seguinte horario de peche:

- **Días laborais** : ás 24:00 horas.
- **Sábados** : ás 2:00 horas.
- **Festivos** : ás 2:00 horas.

En todo caso, as terrazas nunca poderán entrar en contradición co horario de peche do local de referencia.

2.- A Xunta de Goberno Local poderá acordar horarios especiais e en circunstancias extraordinarias.

Artigo 11.- Sinalización

1.- O plano da superficie autorizada deberá estar exposto, de forma ben visible, na porta do establecemento.

2.- Do mesmo xeito, deberá estar exposta en lugar visible a lista de prezos aplicables á terraza.

3.- O Concello poderá establecer un sistema de sinalización da superficie autorizada.

Artigo 12.- Mantemento

1.- O titular da autorización está obrigado a recoller diariamente o mobiliario da terraza:

- a) Durante as horas en que o establecemento permaneza pechado ó público.
- b) Cando por circunstancia extraordinaria e puntual así o requiran os servizos municipais.



CONCELLO DE BOIRO

- c) Sempre que se esixa pola autorización de instalación da terraza para asegurar a libre circulación dos peóns polas beirarrúas, vías públicas e dominio público en xeral.
- 2.- Durante o período de instalación deberá realizarse a limpeza dos elementos de mobiliario(públicos ou privados), e da superficie ocupada, así como do perímetro e zonas limítrofes que se vexan afectados.
- 3.- O mantemento de limpeza será continuado ó longo do día, sen que permanezan no chan papeis, plásticos, cabichas, etc. O establecemento porá papeleiras ou recipientes ó respecto, que faciliten o bo uso do espazo polos usuarios da terraza.
- 4.- No caso de terrazas apoiadas directamente no espazo público, calquera precipitación líquida ou non que poida deixar marca no chan debe ser baldeada debidamente co fin de eliminar manchas que desmelloren a orde e limpeza axeitadas. En todo caso, como norma mínima, unha vez á semana o espazo ocupado debe ser baldeado con auga un cepillo e sen facer uso de elementos e produtos corrosivos.
- 5.- Cando a instalación da terraza non sexa polo período anual, polo tanto con carácter continuado ou permanente, rematado o período establecido, non poderán almacenarse nin permanecer no espazo público elementos e mobiliario perante os períodos temporais de non instalación.
- 6.- Evitar ruídos e molestias de forma rigorosa e innecesaria a veciños do entorno, dando bo uso da zona ocupada, e sen entorpecer actividades, saídas ou entradas dos residentes colindantes.
- 7.- Previa solicitude, o concello poderá conceder permisos especiais para uso de equipos de vídeo e son de maneira puntual, coincidindo con eventos de interese social e dentro dos parámetros de volume e ruído que indica a normativa.

CAPÍTULO III. MOBILIARIO

Artigo 13.- Condicións xerais

- 1.- A autorización da terraza posibilitará unicamente a instalación dos elementos de mobiliario expresamente sinalados no croquis da licenza municipal.
- 2.- Todo mobiliario que se instale será uniforme, consistente e libre de todo tipo de propaganda. As mamparas, que serán móbiles, poderán expoñer algún tipo de anagrama ou escudo, recomendándose o municipal.
- 3.- A instalación de estruturas metálicas, no seu caso, requirirá unha autorización específica e concreta, previa petición na que se indiquen nun croquis: ubicación, medidas, materiais, etc. Estas estruturas, en ningún caso poderán ser ancladas á vía ou espazo público..



CONCELLO DE BOIRO

Para instalación de mobiliario non se permite ningún tipo de actuación en espazo público que implique cambio de materiais, levantamento de pavimento, perforacións, pintados, etc.

4.- No ámbito da terraza ou fora del, sen computar ocupación, non só se permitirá, senón que se verá con agrado a colocación de maceteiros como elementos decorativos e de complemento na rúa peonil ou beirarrúa. Ditos maceteiros poderán permanecer no espazo público unha vez rematada a tempada e logo da retirada do mobiliario. A colocación e mantemento destes maceteiros correrá a cargo do establecemento.

Artigo 14.- Condicións do mobiliario

Salvo o disposto no artigo seguinte, o mobiliario a instalar nas terrazas someterase ás seguintes condicións:

- Mesas e cadeiras: Na autorización sinalarase o número máximo de mesas e cadeiras a instalar así como superficie máxima autorizada, prevalecendo sempre a derradeira autorización.

- Sombrillas: permítese a instalación de sombrillas, con pé central, que abertas non chegarán a ocupar unha superficie maior a autorizada, debendo ter unha altura mínima de 2,20 metros.

- A terraza: deberá estar delimitada por vallas móbiles, separadoras e proporcionando una liña de seguridade coa circulación rodada. Empregarase material adecuado, similar ó resto de mobiliario.

- As vallas e mamparas: terán unha altura uniforme de 1,20 m. como máximo.

- Maceteiros: Serán recomendables terán un tamaño que garanta a estabilidade, non entorpecerán o desprazamento dos viandantes e o seu formato procurará ser o máis uniforme posible.

Outro material : *poderase dispor de papeleiras, estufas, extintores, e cinceiros.*

O material será apilable e o seu almacenamento non entorpecerá o desprazamento de viandantes ou entradas e saídas de portais, garaxes, etc.

Rematado o período para o que se outorga licenza de terraza, tódolos elementos empregados a tal fin deben ser retirados dos espazos públicos. De non ser así computaranse os días debendo pagar a cota correspondente as taxas así como á multa que implica a comisión de falta grave.



CAPÍTULO IV. CONDICIÓNS DA INSTALACIÓN

Artigo 15. Consideracións

As autorizacións de instalación de terrazas terán en consideración a incidencia no tráfico peonil, o número de terrazas solicitadas para a mesma zona, entorno visual dos espazos públicos, etc., prevalecendo o uso común xeral, e someténdose, como mínimo, ás condicións sinaladas nos artigos seguintes.

Como norma xeral, nas estradas competencia doutras administracións alleas ó concello, a licenza estará suxeita ó correspondente permiso desas entidades. Unha vez conseguido dito permiso o Concello estará en condicións de aprobar a licenza si cumpre coas condicións da Ordenanza. (Rúa Principal, estrada de Boiro a Cabo, etc.)

- As **condicións mínimas de instalación** deberán axustarse ás seguintes prescricións:

a) As mesas e cadeiras colocaranse como norma xeral na beirarrúa, paseo ou zona non destinada á circulación de vehículos (salvo autorizacións expresas de carácter especial), fronte á fachada do establecemento deixando un mínimo de 1,20 m. para o tránsito de peóns.

b) En todos os casos as terrazas deberán deixar libres os pasos de peóns, rampas de accesibilidade, saídas de emerxencia de locais de pública concorrencia, paradas de transporte público, as bocas de rego, hidrantes, vados, accesos a vivendas, locais e garaxes, salvo que, excepcionalmente e de forma motivada, os servizos técnicos informen favorablemente.

c) Non se permitirá a instalación de elementos que favorezan ou posibiliten o consumo de a pé.

d) Non se permitirá a instalación de mostradores ou quioscos auxiliares na terraza, debendo efectuarse todo o suministro dende o interior do local.

e) As mesas e cadeiras que comprendan a instalación da terraza deberán obrigatoriamente delimitarse de calquera vial no que exista tráfico rodado e mediante una valla separadora e móbil.

g) As terrazas deben estar instaladas no mesmo lado no que se atope a actividade, é dicir, non se instalarán cruzando a calzada, salvo locais que se atopen fronte a algunha praza (praza de Galiza ...)

f) Non se poderá colocar ningún tipo de estrado, tarima ou plataforma que eleven en parte ou na súa totalidade a superficie destinada á terraza.

h) Non presentarán obstáculo para o mobiliario urbano público a fin de que se posibilite o seu uso por parte dos viandantes que non desexen facer uso da terraza.



CONCELLO DE BOIRO

i) En cada unha das Áreas Peonís, Prazas e Espazos Libres singulares haberá de instalarse un mobiliario único e uniforme para tódalas terrazas. A tal efecto, o Concello conxuntamente cos hosteleiros afectados na zona decidirán o mobiliario máis adecuado para os intereses xerais. Si non houberse acordo, o Concello terá a facultade de decidir as condicións técnicas e estéticas máis axeitadas para o citado mobiliario urbano.

- Limitacións xerais:

a) Non se permitirán terrazas con elementos fixos ó espazo público. Pohíbese expresamente calquera tipo de anclaxe ó chan.

b) Non se permiten instalación que impliquen unha terraza pechada ocupando espazo público. toda instalación será móbil e retirada ó remate do período de licenza.

c) Prohíbese todo tipo de acometidas como suministro de auga, saneamento e/ou electricidade, servizos que debe asumir a instalación principal á que está xustificada a licenza de terraza.

d) Non se poderán instalar máquinas expendedoras de calquera clase de produto, nin instalacións auxiliares de preparación de bebidas e/ou comidas.

e) En aras dunha convivencia pacífica, o uso de aparatos reprodutores de imaxe e/ou son, tales como equipos de música, altavoces, televisores ou de calquera outra índole (equipos informáticos, karaokes, etc.) que terán carácter puntual, coincidindo con eventos de interese social, funcionarán dentro dos parámetros de volume e ruído que indica a normativa.

Artigo 16.- Distancias e dimensións

a) A superficie susceptible de ser ocupada, será con carácter xeral a da beirarrúa colindante co establecemento, salvo en supostos en que pola estreitece da vía ou outras circunstancias poda ser autorizada nas proximidades do local, sempre que non prexudique os intereses de establecementos colindantes ou de particulares.

En todo caso, de exceder a fronte da fachada do establecemento soporte da actividade, será necesaria autorización por escrito dos colindantes ós que se lle ocupe total ou parcialmente a fachada. A distancia lonxitudinal nunca excederá dos doce metros (12m)

c) Os pasos de peóns deben permanecer totalmente libres e despexados, así como as ramplas de accesibilidade.

e) En todo caso debe permitir a entrada de usuarios de portais sen entorpecerlles o paso, debe estar libre a circulación de peóns pola beirarrúa así como a entrada de vehículos particulares ós garaxes.



CONCELLO DE BOIRO

Artigo 17.

Non obstante o disposto no artigo anterior, terase en conta o número de solicitudes que afectan a una mesma vía pública, o que poderá dar lugar, así mesmo, á modificación de outras terrazas xa autorizadas.

Artigo 18.- Tarifas

- 1.- A tarifa será aprobada anualmente na correspondente ordenanza fiscal.
- 2.- A tarifa por período solicitado será irreducible, inda que o aproveitamento non teña lugar a totalidade dos días solicitados, se instalen menos mesas das referenciadas e autorizadas ou se ocupe menos espazo do solicitado e aprobado.
- 3.- Liquidarase en réxime de autoliquidación.

Artigo 19.- INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPACIOS LIBRES PRIVADOS DE USO PÚBLICO:

- 1.- Si a instalación da terraza se produce en solo privado de uso público, será preceptiva a obtención da correspondente licenza e pago da taxas.
- 2.- Nestes supostos será de aplicación o réxime xeral previsto na presente Ordenanza.
- 3.- O outorgamento destas licencias efectuarase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- 4.- En ningún caso, a instalación deberá dificultar a evacuación dos edificios ou locais onde se instale.
- 5.- O Concello poderá esixir a instalación de sistemas de protección do chan naquelas terrazas que polo servizo que prestan e pola súa ubicación requiran un tratamento especial para preservar o chan e o entorno.

CAPÍTULO V. INFRACCIONES E SANCIONES

Artigo 20.- Infraccións

Considéranse infraccións administrativas as accións e omisións que contraveñan a normativa contida nesta ordenanza.

As infraccións serán sancionadas pola Xunta de Goberno Local e clasifícanse pola súa trascendencia en **leves, graves e moi graves.**

- 1.- Considérase **infracción leve** o estado de suciedade ou deterioro da terraza e do seu entorno próximo, cando sexa como consecuencia da instalación da terraza, así como calquera acción u omisión que infrinxa o disposto nesta ordenanza e non sexa susceptible de calificarse como infracción grave.



CONCELLO DE BOIRO

2.- Considéranse **infraccións graves:**

- Instalar un número de mesas superior a las autorizadas.
- O incumprimento do horario.
- Maior ocupación de superficie que a concedida.
- A non retirada do mobiliario e outros elementos unha vez rematado o permiso municipal.
- O deterioro nos elementos de mobiliario urbano e ornamentais producidos como consecuencia da terraza.
- O uso de mobiliario non recomendado e usual nunha terraza ou con propaganda.
- A falta de exposición de lista de prezos e plano do ámbito ocupado.
- Así como calquera acción ou omisión que infrinxa o disposto nesta ordenanza e non sexa susceptible de calificarse como infracción leve.
- A comisión de dúas leves fan unha grave.

3.- Considéranse infraccións **moi graves:**

- Non dispoñer de autorización municipal para a instalación da terraza.
- A comisión de dúas graves.
- Anclar o mobiliario no espazo público.
- Facer instalacións pechadas en espazo público.

Artigo 21.- Responsables

A efectos do establecido no artigo anterior terá a consideración de acto independente sancionable cada actuación separada no tempo ou no espazo que resulte contraria ó disposto na ordenanza, sendo imputables as infraccións ás persoas físicas ou xurídicas que ostenten a titularidade da autorización, ou , no seu caso, a persoa que nese momento rexente o establecemento.



CONCELLO DE BOIRO

Artigo 22.- Sancións

1.- As infraccións da presente Ordenanza serán sancionadas con multa de conformidade coa seguinte escala:

- a) As infraccións leves, con multa de **300 a 500 €.**
- b) As infraccións graves, con multa de **501 a 1.500 €.**
- c) As infraccións moi graves, con multa de **1.501 a 2.500 €.**

d) Dúas infraccións graves conlevarán a retirada da autorización sen dereito a devolución algunha. Para unha nova autorización deberá presentar nova solicitude e será a Xunta de Goberno Local a que determine nova autorización ou non, dependendo do grao de confianza ou arrepentimento do solicitante.

2.- Con independencia das sancións, o incumprimento das condicións establecidas na licenza e da Ordenanza poderá dar lugar a suspensión temporal ou á revogación da autorización, atendendo á gravidade da infracción, trascendencia social do feito e outras circunstancias que concorran no caso, así como outros elementos que poidan considerarse atenuantes ou agravantes.

Os supostos de reincidencia na comisión de infraccións graves con incumprimento das condicións establecidas na licenza poderán motivar a non renovación da autorización en anos posteriores. Será considerado reincidente quen incorrese en unha ou máis infraccións (de igual ou similar natureza) graves nos doce meses anteriores.

3.- Así mesmo, e á marxe da sanción que en cada caso corresponda, a Administración Municipal ordenará, no seu caso, a retirada dos elementos e instalacións con restitución ó estado anterior da comisión da infracción.

As ordes de retirada deberán ser cumpridas polos titulares da licenza nun prazo máximo de oito días. En caso de incumprimento procederá á execución subsidiaria polo Concello a costa dos obrigados, que deberán aboar os gastos de retirada, transporte e depósito dos materiais.

4.- Nos supostos de instalación de terrazas sen a oportuna autorización ou non axustándose ó autorizado, así como por razóns de seguridade, o Concello poderá proceder a súa retirada de forma inmediata y sen previo aviso, sendo por conta do responsable os gastos que se produzan.

5.- Sen prexuízo do anterior, os actos ou incumprimentos en esta materia que impliquen infracción da normativa urbanística serán obxecto de sanción nos termos que determine o réxime sancionador previsto na mesma.



CONCELLO DE BOIRO

Artigo 23.- Procedemento sancionador

Será de aplicación o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora. (Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto).

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Durante o primeiro ano natural de vixencia da presente ordenanza, o Alcalde poderá acordar a renovación das autorizacións nas mesmas condicións de ubicación autorizadas no ano anterior.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia. Á súa entrada en vigor quedarán derogadas cantas normas, acordos ou resolucións municipais sexan incompatibles ou se opoñan ó establecido nesta ordenanza.

Segunda.

Facúltase ó Alcalde ou o Concelleiro en quen delegue, para dictar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación e aplicación desta ordenanza

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
página web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

SOLICITUDE DE INSTALACION DE TERRAZAS EN VIA PÚBLICA

Ordenanza reguladora do 11 de marzo do 2010 – BOP Nº 61 do 5 de abril de 2010

SOLICITANTE			
ESTABLECEMENTO			
SITUACIÓN			
D.N.I:		TFNO CONTACTO	

NOVA INSTALACIÓN		RENOVACION DE INSTALACION	
-------------------------	--	----------------------------------	--

PERIODO DE INSTALACION SOLICITADO:

TODO O ANO		HORARIO DE PECHE TERRAZAS
DO 1 DE MAIO O 30 DE SETEMBRO		LUNS A VENRES: AS 00:00 H
SEMANA SANTA (15 DIAS NATURAIS)		DOMINGOS E FESTIVOS: 02:00 H

CARACTERISTICAS DA INSTALACIÓN

Nº DE MESAS			
INSTALACION DE TARIMA	SI – M2		NON
OUTROS ELEMENTOS DE PECHE	SI		NON

DOCUMENTACION QUE SE ADXUNTA A SOLICITUDE:

FOTOCOPIA DNI/CIF	SI		NON PROCEDE
ACREDITACION DO REPRESENTANTE LEGAL	SI		NON PROCEDE
COPIA LICENCIA APERTURA ESTABLECEMENTO	SI		NON PROCEDE
CROQUIS EN PLANTA DA INSTALACIÓN	SI		NON PROCEDE
ALZADOS DE ELEMENTOS DE PECHE COMPLEMENTARIOS	SI		NON PROCEDE
CALIDADES DOS MATERIAIS A EMPREGAR	SI		NON PROCEDE
COPIA PÓLIZA RESPONSABILIDADE CIVIL	SI		NON PROCEDE
AUTORIZACIÓN COLINDANTES DO ESTABLECEMENTOS	SI		NON PROCEDE
DECLARACION XURADA ESTAR LIBRE DE CARGAS E RC	SI		NON PROCEDE

De acordo coa ordenanza reguladora, a solicitude presentada, á documentación adxunta á solicitude e o xustificante do aboamento das taxas correspondentes o período solicitado,
SOLICITO A INSTALACIÓN DE TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA

en Boiro, a _____ de _____ de 20____

Asdo: O solicitante

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

DECLARACIÓN XURADA

De acordo o artigo 4º da ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública, publicada no BOP nº 61 do 5 de abril do 2010, e tendo intención de instalar terraza para actividade de hostelería,

D. _____, maior de idade, con D.N.I.:
_____, como titular / representante legal, do establecemento
_____, sito na
_____ deste

Concello

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- 1.- Estar libre de cargas e non ter débedas pendentes co Concello de Boiro
- 2.- Ter cuberta a responsabilidade civil necesaria para cubrir os danos que a persoas ou bens, puidera causar a instalación da terraza que se solicita.

Para que conste, en Boiro a _____ de _____ de 20__

Asinado:

O Solicitante.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
página web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

MODELO AUTOLIQUIDACION DE TAXAS INSTALACION DE TERRAZAS NA VIA PÚBLICA

SOLICITANTE			
ESTABLECIMENTO			
SITUACIÓN			
D.N.I.:		TFNO CONTACTO	

PERIODO DE INSTALACION SOLICITADO:

TODO O ANO		
DO 1 DE MAIO O 30 DE SETEMBRO		SOLICITUDE MÍNIMA DE 3 MESES
SEMANA SANTA (15 DIAS NATURAIS)		Na casilla "nº meses" poñerese 0,5

CALCULO DE TAXAS

OPCIÓN 1: Cada Grupo comporase de 1 mesa e 4 cadeiras

Nº MESAS		Nº CADEIRAS		Nº GRUPOS	
-----------------	--	--------------------	--	------------------	--

Nº GRUPOS	SUPERFICIE	IMPORTE	Nº MESES	TOTAL
	3,00 m ²	3,77 €		

(operación: nº grupos x superficie x importe x meses = TOTAL liquidación)

OPCIÓN 2: Estimación directa de superficie

SUPERFICIE A OCUPAR	IMPORTE	Nº MESES	TOTAL
	3,77		

(operación: superficie x importe x meses = TOTAL liquidación)

LIQUIDACIÓN TOTAL A REALIZAR

€

en Boiro, a _____ de _____ de 20____

Asdo: O solicitante

A liquidación realizarase nas entidades bancarias colaboradoras co Concello de Boiro

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
página web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

EXEMPLO DE CROQUIS PARA SITUACIÓN DE TERRAZA

SITUACIÓN

LUGAR de situación Pablo Iglesias nº

SOLICITANTE: _____

LOCAL: "casa perdiz" _____ Tfno: _____ Móbil _____